

O NOVO PLAN FORESTAL E A (DES)CONSIDERACIÓN DA PAISAXE

DIEGO CIDRÁS

En 2021, a política relativa á xestión do eucalipto en Galicia amosou un cambio de rumbo aparente. Por primeira vez, a versión actualizada do Plan Forestal de Galicia (PFG) incluía (pág.100) no seu programa de acción a necesidade de non só realizar un “control” das plantacións, senón tamén “reduc[ir] a ocupación da superficie forestal” ocupada polo eucalipto.

Nesta liña, a aprobación da *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia*, incorporaba unha disposición transitoria que, tamén de forma pioneira, prohibía novas plantacións de eucalipto en todo o territorio. Despois de varias décadas de ostensible expansión dos eucaliptais, o novo PFG estableceu como indicador de seguimento unha redución do 5% da cobertura forestal con eucaliptos. Sen entrar na avaliación da efectividade desta norma, que aquí non corresponde, trátase da primeira vez que se verbalizan directrices destinadas á rebaixa dos eucaliptais no país. Xorde aquí unha pregunta obrigada: a que puido deberse esta presunta nova orientación?

A diferenza das súas versións anteriores, o novo PFG incorpora con certa recorrencia a idea de paisaxe. Neste sentido, se nos acollemos ao Convenio Europeo da Paisaxe¹, podemos presupor que, alén da consideración das coberturas forestais como elemento material da paisaxe, o PFG optará por

incorporar a dimensión perceptiva que conforma, tamén, toda paisaxe. Sobre o papel, esta abordaxe paisaxística —material e inmaterial, tanxible e intanxible— semella idónea para abordar asuntos complexos, como a denominada *eucaliptización* do territorio. Debemos ter aquí presente que a *eucaliptización* propiciou conflitos de calado, que van desde as revoltas campesiñas de mediados do século XX² até as recentes mobilizacións estratéxicas en prol da catalogación do eucalipto como Especie Exótica Invasora e a laboura desenvolvida polas chamadas “Brigadas deseucaliptizadoras”³. Non cabe dúbida de que a *eucaliptización* é problematizada por unha parte da sociedade galega desde a súa complexidade: á cuestión ecolóxica, agréganse preocupacións pola limitación dos usos do monte, a degradación estética ou a vulnerabilidade derivada do abandono que sofren acotío os eucaliptais, entre outros asuntos. Polo tanto, podemos considerar como pertinente unha incorporación da paisaxe como obxecto de ordenación nun instrumento sectorial coma o PFG.



Eucaliptais na contorna dun dos accesos ao Parque Natural das Fragas do Eume.
Fotografía de Diego Cidrás. Xuño de 2020.



A paisaxe no PFG

No entanto, como cristaliza o tratamento da paisaxe no plan? Desde a propia definición de obxectivos, observamos que o novo PFG estipula que a ordenación forestal debe fraguar nunha “alternancia da paisaxe agrogandeira e forestal”, promovendo así a “multifuncionalidade e diversificación de usos, bens e servizos do monte galego”⁴. Este tipo de consideracións só nos remiten á dimensión material e tanxible da paisaxe. Alén disto, o tratamento da paisaxe dilúese a medida que avanzamos na lectura do documento. Así, na súa parte propositiva a paisaxe aparece de forma episódica e como complemento dalgunha outra idea. En efecto, a paisaxe non é un obxecto de xestión *per se* e, polo tanto, nunca é problematizada. Un dos exemplos máis reveladores é precisamente a medida que atinxe a redución das masas de eucalipto no territorio galego: a “1.1.3. Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto”⁵. A que se presupón como a intervención máis rompedora sobre as paisaxes *eucaliptizadas* omite desde a xustificación até as propostas de acción en si calquera noción da paisaxe. En efecto, a necesidade de reducir as masas de eucalipto sostense sobre cuestións como a conservación de bacías hidrográficas ou o equilibrio no abastecemento da industria forestal, de xeito que o diagnóstico da expansión das masas de eucalipto que deriva na toma de decisións cinguese a un conxunto de elementos moi limitado do amplo abano que potencialmente puidese achegar a súa lectura paisaxística completa. Neste sentido, a ausencia da vertente sensible imposibilita unha verdadeira abordaxe paisaxística do eucalipto.

O tratamento da paisaxe no novo PFG é moi insuficiente para un instrumento que reivindica a paisaxe como obxecto de ordenación. Existe unha omisión case plena das consideracións afectivas que, sobre todo tras a crise incendiaria de 2017, incrementaron as mobilizacións sociais contra a coñecida como *eucaliptización* do monte galego. Desbótase, tamén, o papel que están a xogar os colectivos sociais⁶ ou as redes institucionais xurdidas⁷ a prol da eliminación do eucalipto no territorio, por citar só a punta do iceberg dun conflito que apela a poboación no seu conxunto. Aos nosos ollos, estas carencias no tratamento da paisaxe derivanse, en boa medida, da participación levada a cabo para a elaboración do PFG. En efecto, o PFG constitúe un novo plan no que a suposta participación se limitou a unha mera consulta desenvolvida no seo dun único órgano integrado,

maioritariamente, por empresas con intereses no sector: o caso do Consello Forestal de Galicia.

Tras varios anos estudando a conflitividade do eucalipto no territorio galego, reivindicamos que a ordenación das súas plantacións parta dunha consideración abrangente e plena das súas paisaxes. Así, cremos pertinente formular tres medidas que habiliten unha mellor planificación das paisaxes forestais galegas.

A primeira chamada é obrigada: precisamos un sistema de participación pública que vaia alén do Consello Forestal de Galicia. Cinguir a participación do plan que afecta efectivamente nada máis e nada menos que dous terzos do territorio galego a un órgano ao que non ten acceso directo a cidadanía inhabilita sobre o papel calquera diagnose do monte en xeral, xa non digamos máis en concreto da súa condición paisaxística. A conflitividade prolongada durante décadas ao redor da *eucaliptización* require que as institucións encargadas de desenvolver os instrumentos de ordenación forestal desenvolvan procesos fundamentados e informados que procuren as necesarias complicidades sociais. Neste sentido, demandamos o deseño dun sistema de participación aberto a toda a cidadanía, que deliberadamente procure unha integración dos actores *a priori* máis reactivos co desenvolvemento forestal vixente, e non a súa exclusión. Este exercicio habilitaría, ademais dunha noción máis sólida da gobernanza do monte, a creación dunha política forestal acaída e sensible ás demandas do conxunto da poboación.

En segundo lugar, reivindicamos que o proceso de participación pública se produza con anterioridade á planificación, de xeito que a segunda poida atender á primeira, e non ao revés. Unha condición chave para o desenvolvemento de procesos participativos axeitados é adiantar a fase consultiva ás etapas de planificación e deseño dos instrumentos, para que estes instrumentos respondan aos debates mantidos na fase participativa. Se ben é certo que o PFG —lembremos, de 2021— organizou en 2015 unha serie de xuntanzas consultivas limitadas aos membros do Consello Forestal de Galicia, a cidadanía só tivo acceso directo ao PFG mediante o borrador do proxecto, no momento da exposición pública. Confúndese, pois, participación con mera consulta. A anticipación do proceso participativo habilitaría unha análise e diagnose axeitadas das nocións de paisaxe forestal, tal e como suxire o propio documento do PFG. Asemade, as propostas poderían sustentarse non só na perspectiva da Administración e dos actores favorables ás plantacións, senón de toda a poboación.

A planificación a longo prazo require o desenvolvemento de mecanismos que faciliten o seguimento das accións programadas. Por iso, cómpre en terceiro lugar abrir á cidadanía o proceso de revisión e avaliación dos instrumentos de planificación forestal. Este asunto gaña relevancia naqueles casos nos que a renovación da dotación orzamentaria fica condicionada aos resultados dos procesos de avaliación. Neste sentido, o novo PFG conferiulle ao Consello Forestal de Galicia a condición de “órgano encargado de vixiar o cumprimento do plan”⁸ até 2040. En lóxica coas demandas precedentes, cremos que o deseño das medidas de seguimento deben incluír, polo menos de xeito quinquenal, unha consulta pública sobre a percepción do grao de cumprimento das medidas programadas. A lectura das paisaxes forestais muda co paso do tempo e, neste sentido, os reaxustes dun instrumento destas características deberían tomar en consideración activa a percepción da poboación.

Calquera noción da paisaxe debe partir, en definitiva, dunha vontade expresada pola propia sociedade. En caso contrario, estaremos a falar de paisaxes desconsideradas. A abordaxe da *eucaliptización* do territorio require dunha reconsideración profunda das estratexias institucionais en materia de participación. Só deste modo poderemos atallar a conflictividade asociada ao eucalipto

como o que é: un asunto de país. Cómpre pór fin a unha discordia prolongada no espazo da cal a árbore non é, abofé, *culpable*.

Notas

1. Consello de Europa. Convenio Europeo del Paisaje. <https://rm.coe.int/16802f3fbd>
2. Cabana, A. (2006). Minar la paz social. Retrato de la conflictividad rural en Galicia durante el primer franquismo. *Ayer*, 61(1), 267-288.
3. Cidrás, D., e González-Hidalgo, M. (2022). Defining Invasive Alien Species from the Roots up: Lessons from the ‘De-eucalyptising Brigades’ in Galicia, Spain. *Political Geography*, 99.
4. Xunta de Galicia (2021). 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia, 2021-2040. Cara a neutralidade carbónica, p. 25. Dispoñible en liña en: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/planificacion-e-ordenacion-forestal/plan-forestal>
5. Ib. p. 101.
6. Cidrás, D., e Paül, V. (2022). Rewilding Shouldn't Be Reactive: Fragas do Eume Natural Park in the Face of an Invasive Alien Species. *Journal for Nature Conservation*, 69, 126252.
7. Cidrás, D. (2020). Municipios “libres de eucaliptos”: análisis de los actores políticos locales en Galicia. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, (84).
8. Xunta de Galicia (2021). 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia, 2021-2040. Cara a neutralidade carbónica, p. 83.

NOTA SOBRE O AUTOR

Diego Cidrás (Marín, 1994) é un xeógrafo cun profundo interese nas interaccións entre o ser humano e o medio natural. Neste sentido, dedicou a súa tese de doutoramento á conflictividade paisaxística derivada das plantacións de eucalipto en Galicia e Australia Occidental. Na actualidade, Cidrás exerce como Profesor Axudante Doutor no Departamento de Xeografía da USC e como investigador no Grupo ANTE (Análise Territorial).